



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CEDEIRA

*Anuncio de información pública do acordo de aprobación inicial do Inventario de camiños municipais do concello de Cedeira*

**Anuncio de información pública do acordo de aprobación inicial do Inventario de camiños municipais do concello de Cedeira**

O Concello Pleno, en sesión ordinaria realizada o día 13 de febreiro de 2023, acordou aprobar inicialmente o Inventario de camiños municipais do concello de Cedeira.

Ademais, acordouse someter a información pública o expediente administrativo por prazo de un mes, aos efectos de que se poidan presentar as alegacións que se estimen procedentes, nas formas previstas na lexislación reguladora no procedemento administrativo común. O prazo comezará a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

A consulta do inventario pode realizarse no Departamento de Urbanismo do Concello de Cedeira (rúa Real, número 15), previa cita, en horario de 9:00 a 14:00 horas, ou na sede electrónica deste Concello, no enderezo: <https://sede.cedeira.gal>

O inventario entenderase aprobado de forma definitiva no suposto de que non se presenten alegacións durante o prazo de información pública.

Cedeira, 20 de febreiro de 2023

O alcalde

Pablo Diego Moreda Gil

2023/1203